

**ACTA NÚMERO: 17/2024**

**ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 23 DE MAIO DE 2024.**

Na sala de comisións do Pazo Provincial sendo as 10 horas do día 23 de maio de 2024 reúnen os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

**Presidenta:** D María Pilar Ramallo Vázquez, Deputada do Grupo Provincial do Partido Popular.

**Vogais da Mesa de Contratación:**

- Dona María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG
- D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario da Deputación.
- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- D. Francisco Alonso Fernández, Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais.
- D. José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

**Secretario:** D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

**ORDE DO DÍA:**

1. *Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 16 de maio de 2024 (Reunión 16/2024).*
2. *Dar conta da oferta presentada pola empresa Lérez Ediciones, S.L.U. para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación dun servizo de apoio de noticias por parte da axencia Lérez Ediciones para o Museo de Pontevedra. (Expte.- 2024016478).*
3. *Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de creación e posta en marcha dun Club de produto da lamprea do destino Condado Paradanta "Unha terra entre ríos" no ámbito do Plan de sostenibilidade turística en destino do Plan de recuperación transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea Next Generación EU. (Expte.- 2023072624).*
4. *Aprobación das valoracións técnicas do sobre "B" correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para contratación do servizo de soporte e mantemento da infraestrutura de almacenamento formada polas cabinas Nettap da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2024014304).*
5. *Apertura electrónica do sobre "C" correspondente a documentación avaliable mediante criterios de valoración automática do procedemento aberto convocado para contratación do servizo de soporte e mantemento da infraestrutura de almacenamento formada polas cabinas Nettap da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2024014304).*
6. *Apertura electrónica dos sobres "únicos", correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación das visitas guiadas da Estación Fitopatolóxica Areiro. (Expte.- 2024002218).*

Dona María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG, participa na reunión a través de videoconferencia e tanto a Presidenta como os demais vogais citados asisten de forma presencial.

Non asisten os vogais permanentes da Mesa de Contratación, Don Gregorio Luís Agís Gómez, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG, e D. Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.



Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidencia, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

**1. Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 16 de maio de 2024 (Reunión 16/2024).**

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión votan a favor da aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 16 de maio de 2024 (Reunión 16/2024).

**2. Dar conta da oferta presentada pola empresa Lérez Ediciones, S.L.U. para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación dun servizo de apoio de noticias por parte da axencia Lérez Ediciones para o Museo de Pontevedra. (Expte.-2024016478).**

O Secretario informa que por Resolución da Deputada Delegada da área de Infraestruturas Públicas, Mobilidade e Contratación nº 2024004035, de data 15/05/2024, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade, dun servizo de apoio de noticias por parte da axencia Lérez Ediciones, S.L.U.

Na mesma resolución, acordouse invitar á empresa Lérez Ediciones, S.L.U. (CIF B36003549) a presentar proposición económica, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de dez días naturais, contado dende a data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL) que se produciu o 15/05/2024.

En data 20/05/2024 a empresa Lérez Ediciones, S.L.U. (CIF B36003549) presentou oferta e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado (sen IVE)	24.793,39 €
IVE (21 %)	5.206,61 €
Importe ofertado con IVE	30.000,00 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada por Lérez Ediciones, S.L.U. (CIF B36003549) no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para contratación dun servizo de apoio de noticias por parte da axencia Lérez Ediciones, S.L.U.”.



**3. Proposta de adjudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de creación e posta en marcha dun Club de produto da lamprea do destino Condado Paradanta “Unha terra entre ríos” no ámbito do Plan de sostenibilidade turística en destino do Plan de recuperación transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea Next Generation EU. (Expte.- 2023072624).**

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución Presidencial número 2024001949 de data 08/03/2024 aprobouse o expediente de contratación para a adjudicación, mediante procedemento aberto, do servizo de creación e posta en marcha dun club de produto da lamprea do destino Condado-Paradanta “Unha terra entre ríos” no ámbito do Plan de sostenibilidade turística en destino do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea Next Generation EU.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no perfil do contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 08/03/2024. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

A Mesa de Contratación, na reunión do 4/04/2024, procedeu á apertura dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, sendo os licitadores admitidos os seguintes:

-Hidria ciencia, ambiente y desarrollo SL (CIF B-36.974.988)

-Estrategia y organización SA (CIF A-36.196.418)

-Deloitte Consulting SLU (CIF B-81.690.471)

-Open Minds -Open ideas SL (CIF B-57.614.141)

-Sherpa Project SL (CIF B- 70.159.660)

-Auren Consultores SLP (CIF B-87.352.340)

Na mesma sesión, o Secretario da Mesa de Contratación accedeu á plataforma de licitación electrónica Vortal mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procedeu á descrición e descarga da documentación dos sobres “B”, correspondentes aos criterios da avaliación mediante xuízos de valor.



Unha vez finalizado este trámite, a Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación descargada dos sobres “B” ao persoal técnico do servizo de Turismo Rías Baixas, para que avaliasse e ponderase as propostas técnicas segundo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento. A xefa do servizo de Turismo Rías Baixas emitiu informe, de data 25/04/2024, co CSV BZKWJP31SG4P1GBU, sendo as puntuacións outorgadas as seguintes:

Empresas licitadoras:	SHERPA PROJECT, S.L.	OPEN MINDS-OPEN IDEAS, S.L.	HIDRIA CIENCIA AMBIENTE Y DESARROLLO, S.L.	ESTRATEGIA Y ORGANIZACIÓN, S.A.	DELOITTE CONSULTING, S.L.U.	AUREN CONSULTORES SP, S.L.P.
Criterios de valoración						
1. Plan de execución. (Máx 15 puntos)	10	4	4	10,55	13,25	5
2. Seguemento e xestión do proxecto. (Max 13 puntos)	11,25	7,50	9	7	8,75	10,25
3. Proposta de actividades. (max 12 puntos)	9,50	1	4	10,75	11,50	1
TOTAL	30,75	12,50	17	28,30	33,50	16,25

A Mesa de Contratación, na reunión de data 2/05/2024, á vista do exposto no devandito informe, acordou propor ó órgano de contratación a exclusión do procedemento dos licitadores: Open Minds -Open ideas SL (CIF B-57.614.141), Hidria ciencia, ambiente y desarrollo SL (CIF B-36.974.988), Auren Consultores SLP (CIF B-87.352.340) por non acadar o mínimo do 50% requirido da puntuación máxima asinable no Sobre B, así como prestar conformidade ás puntuación acadadas polos demais licitadores na valoración técnica das ofertas presentadas para optar á adxudicación do contrato.

Na reunión do día 2 de maio de 2024 a Mesa de Contratación tamén procedeu á apertura dos sobres “C” das ofertas que alcanzaron a puntuación mínima requirida nos sobres “B”, sendo os valores ofertados os seguintes:

Sherpa Project SL (CIF B- 70.159.660)

Prezo total ofertado (sen IVE):

Importe sen o IVE: .....73.945,00 €  
 IVE (21 %): .....15.528,45 €  
 Importe total ofertado: .....89.473,45 €

Deloitte Consulting SLU (CIF B-81.690.471)

Prezo total ofertado (sen IVE):

Importe sen o IVE: .....59.920,81 €  
 IVE (21 %): .....12.583,37 €  
 Importe total ofertado: .....72.504,18 €



Estrategia y organización SA (EOSA) (CIF A-36.196.418)

Prezo total ofertado (sen iva):

Importe sen o IVE:	.....	63.212,24 €
IVE (21 %):	.....	13.274,57 €
Importe total ofertado:	.....	76.486,81 €

A continuación, procedeuse á valoración das ofertas presentadas, de conformidade cos criterios establecidos nos pregos técnicos e de cláusulas económico-administrativas detectándose que as empresas EOSA e DELOITTE, atopábanse en baixa temeraria, polo que se procedeu a efectuar co correspondente requirimento para que no prazo de 5 días hábiles xustificaran a súa oferta en canto ao prezo ofertado.

En data 8/05/2024 achegan a xustificación da baixa temeraria pola sede electrónica da Deputación de Pontevedra.

En data 16/05/2024 a Xefa do Servizo de Turismo Rías Baixas informou favorablemente a xustificación das baixas temerarias achegadas polas empresas, cos CSV 8G8BYI2JA43KCFQ9 (Deloitte) e CSV 992W81Y7544REWT8 (Eosa).

As puntuación acadadas no sobre "C" son as seguintes:

	PUNTUACIÓN SOBRE C
SHERPA PROJECT S.L.	25,81
EOSA S.A.	52,13
DELOITTE CONSULTING S.L.U.	60,00

As puntuación totais dos sobres "B" máis o sobre "C", son as seguintes:

	SOBRE B	SOBRE C	TOTAL
SHERPA PROJECT S.L.	30,75	25,81	56,56
EOSA S.A.	28,30	52,13	80,43
DELOITTE CONSULTING S.L.U.	33,50	60,00	93,50

A Mesa de Contratación acorda:

- 1) Propor ao órgano de contratación excluír ás empresas Open Minds-Open ideas S.L. (CIF B-57.614.141), Hidria ciencia, ambiente y desarrollo S..L (CIF B-36.974.988), Auren Consultores S.L.P. (CIF B-87.352.340) por non acadar o mínimo do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios available mediante xuízos de valor (sobre B) para continuar coa licitación.



- 2) Aceptar a xustificación das baixas temerarias achegadas polas empresas EOSA e DELOITTE, en canto ao prezo ofertado en base aos informes da Xefa do Servizo de Turismo Rías Baixas, CSV 8G8BYI2JA43KCFQ9 (Deloitte) e CSV 992W81Y7544REWT8 (Eosa)
- 3) Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de creación e posta en marcha dun Club de produto da lamprea do destino Condado Paradanta “Unha terra entre ríos” no ámbito do Plan de sostenibilidade turística en destino do Plan de recuperación transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea Next Generación EU., que quedan da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	DELOITTE CONSULTING S.L.U	93,50
2ª	EOSA S.A.	80,43
3ª	SHERPA PROJECT S.L.	56,56

- 4) Propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado correctamente o requirimento de documentación previsto no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, proceda á adxudicación do contrato a favor de empresa DELOITTE CONSULTING S.L.U.(CIF B-81.690.471), conforme ao seguinte detalle:

Prezo total ofertado (sen IVE):

Importe sen o IVE:	.....59.920,81 €
IVE (21 %):	.....12.583,37 €
Importe total ofertado:	.....72.504,18 €

4. **Aprobación das valoracións técnicas do sobre “B” correspondente á documentación avaliábel mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de soporte e mantemento da infraestrutura de almacenamento formada polas cabinas Nettap da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2024014304).**

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución Presidencial número 2024003467 de data 26/04/2024, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do servizo de soporte e mantemento da infraestrutura de almacenamento formada polas cabinas Nettap da Deputación de Pontevedra.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 29/04/2024. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.





A Mesa de Contratación na reunión do día 16 de maio de 2024 procedeu a efectuar a apertura dos sobres A correspondentes a “documentación administrativa”, sendo a empresa admitida a licitación a seguinte:

- EDNON S.L (B36938009)

A Mesa de Contratación na reunión do día 16/05/2024 tamén procedeu á apertura da documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor, dándolle traslado da mesma ó persoal técnico do Servizo de Novas tecnoloxías, para que procederan a avaliar e ponderar as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

O Xefe do Servizo de Novas tecnoloxías, Damián Rey Rodriguez, con data 21/05/2024, emitiu informe de valoración da documentación técnica presentada pola empresa, EDMON, S.L., (csv: 33AWOAL6KPMJZ5IJ), figurando a empresa admitida co seguinte resultado:

CRITERIOS	Máximo	EDNON
Metodoloxía de xestión do servizo	26,00	19,00
Metodoloxía de xestión do servizo	9,00	7,00
Xestión de incidencias	9,00	7,00
Procedementos de escalado	8,00	5,00
Plan de traballo	9,00	8,00
Seguimento e informes	5,00	4,00
TOTALES	40,00	31,00

A Mesa de Contratación, en base ó informe emitido polo Xefe do Servizo de Novas tecnoloxías con data 21/05/2024, acorda prestar conformidade ás puntuacións acadadas pola empresa admitida EDNON S.L. no procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de soporte e mantemento da infraestrutura de almacenamento formada polas cabinas Nettare da Deputación de Pontevedra, que obtén unha puntuación total de 31 puntos, chegando a alcanzar o mínimo esixido no sobre B (20 puntos) para poder realizar a apertura do sobre “C”.

- 5. Apertura electrónica do sobre “C” correspondente a documentación avaliable mediante criterios de valoración automática do procedemento aberto convocado para contratación do servizo de soporte e mantemento da infraestrutura de almacenamento formada polas cabinas Nettare da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2024014304).**



O Secretario informa os asistentes da puntuación acadada no sobre “B” pola empresa admitida ao procedemento aberto sendo esta a seguinte:

CRITERIOS	EDNON
Metodoloxía de xestión do servizo	19,00
Metodoloxía de xestión do servizo	7,00
Xestión de incidencias	7,00
Procedementos de escalado	5,00
Plan de traballo	8,00
Seguimento e informes	4,00
TOTAL	31,00

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procédese á descriptación e descarga da documentación presentada no sobre “C” da empresa que acada unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliábeis mediante xuízos de valor (20,00 puntos), sendo os valores ofertados os seguintes:

EDNON S.L (B36938009)

Prezo total ofertado:

Importe sen o IVE:	23.500,00€
IVE (21 %):	4.935,00€
Importe total ofertado:	28.435,00€

A Mesa de Contratación acorda facultar ao Secretario para que, de resultar a oferta incurso en presunción de desproporcionalidade no momento de efectuar as valoracións por aplicación da fórmula prevista, realice o requirimento de xustificación segundo o artigo 149.4 da LCSP, resolvendo a propia Mesa á vista do cálculo das desproporcionalidades, das explicacións que poidan presentarse e dos informes técnicos que se consideren necesarios solicitar.

**6. *Apertura electrónica dos sobres "únicos", correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliábeis mediante criterios automáticos, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación das visitas guiadas da Estación Fitopatolóxica Areiro. (Expte.- 2024002218).***





O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución Presidencial número 2024003601 de data 02 de maio de 2024 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da contratación das visitas guiadas da Estación Fitopatolóxica Areeiro.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 2 de maio de 2024. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres correspondentes á documentación administrativa e ofertas presentadas polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación dos sobres únicos, as empresas presentadas foron as seguintes:

- ESPIRAL XESTION CULTURAL SL (NIF: B94054954)
- ANA MARIA MARTIN PONTE (NIF: 36097331G)

Os valores ofertados foron os seguintes:

#### ESPIRAL XESTION CULTURAL SL (NIF: B94054954)

1. Prezo unitario ofertado por visita:

Prezo unitario sen IVE:	190,00 €/visita
IVE (21 %):	39,90 €/visita
Prezo unitario co IVE:	229,90 €/visita

2. Formación específica de guías turísticas (sinalar cun X):

Criterio	Si	Non
Grao ou diploma en turismo homologado	X	



Cursos especializados en materia relacionada coa botánica, espazos naturais, ou similares	X	
---	---	--

3. Formación en idiomas (sinalar cun X):

Criterio	Si	Non
Inglés, mínimo B2	X	
Francés, mínimo B2	X	

**ANA MARIA MARTIN PONTE (NIF: 36097331G)**

1. Prezo unitario ofertado por visita:

Prezo unitario sen IVE:	190,00 €/visita
IVE (21 %):	39,90 €/visita
Prezo unitario co IVE:	229,90 €/visita

2. Formación específica de guías turísticas (sinalar cun X):

Criterio	Si	Non
Grao ou diploma en turismo homologado	X	
Cursos especializados en materia relacionada coa botánica, espazos naturais, ou similares	X	

3. Formación en idiomas (sinalar cun X):

Criterio	Si	Non
Inglés, mínimo B2	X	
Francés, mínimo B2	X	

De conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentadas polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

	ESPIRAL XESTION CULTURAL SL (NIF: B94054954)	ANA MARIA MARTIN PONTE (NIF: 36097331G)
1. Menor prezo <u>unitario</u> ofertado sen IVE (máximo 75 puntos)	53,987 puntos	40,068 puntos
2. Formación específica de guías turísticas (máximo 23 puntos)	23,000 puntos	23,000 puntos
3. Formación en idiomas (máximo 2 puntos)	0,000 puntos *	2,000 puntos



TOTAL PUNTUACION SOBRE ÚNICO (Ata un máx. de 100 puntos)	76,987 puntos	65,068 puntos
---	---------------	---------------

\* Non aporta copia do certificado oficial que acredite estar en posesión da formación, o cal debe ser emitido por Organismo Oficial, polo que non se pode valorar.

A Mesa de Contratación acorda:

1. Admitir as seguintes empresas neste procedemento aberto simplificado convocado para a contratación das visitas guiadas da Estación Fitopatolóxica Areeiro:

- ESPIRAL XESTION CULTURAL SL (NIF: B94054954)
- ANA MARIA MARTIN PONTE (NIF: 36097331G)

2. Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a contratación das visitas guiadas da Estación Fitopatolóxica Areeiro, que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	ESPIRAL XESTION CULTURAL SL (NIF: B94054954)	76,987 puntos
2ª	ANA MARIA MARTIN PONTE (NIF: 36097331G)	65,068 puntos

3. Propor ó órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación das visitas guiadas da Estación Fitopatolóxica Areeiro á empresa ESPIRAL XESTION CULTURAL SL (NIF: B94054954), que alcanzou a maior puntuación de acordo cos prezos e valores ofertados.

A Mesa de Contratación comproba que a empresa ESPIRAL XESTION CULTURAL SL (NIF: B94054954), proposta como adxudicataria, figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, que está debidamente constituída e non está incurso en ningunha prohibición de contratar.

4. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que proceda a requirirle a empresa ESPIRAL XESTION CULTURAL SL (NIF: B94054954), proposta como adxudicataria, mediante comunicación electrónica, para que presente o resto de documentación esixida, de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector. Entre a documentación que debe aportar figura a seguinte:

- Documentación acreditativa da solvencia técnica:  
Para acreditar a solvencia técnica a licitadora ou o licitador deberá presentar os seguintes documentos:



- Relación dos principais servizos realizados de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato no curso de, como máximo, os tres últimos anos, na que se indique o importe, a data e a destinataria ou destinatario, público ou privado, e precise se se realizaron segundo as regras que rexen a profesión e se se levaron normalmente a bo termo (cubrir o modelo do anexo IV do PCAP).

Os servizos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando a destinataria sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración da ou do empresario, xunto cos documentos obrantes no seu poder que acrediten a realización da prestación; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de Contratación pola autoridade competente.

O importe anual acumulado no ano de maior execución (sen incluír o Imposto sobre o valor engadido) debe ser igual ou superior ao 70 % do valor estimado do contrato, ou da súa anualidade media se esta é inferior ao valor estimado do contrato, sendo este importe igual ou superior a 20.458,47 €.

Nota aclaratoria: Para o cómputo dos tres últimos anos, considerarase como data de inicio ou “dies ad quo” o mesmo día e mes que o da data final do prazo de presentación de ofertas.

- Documentación xustificativa da efectiva disposición dos medios persoais e materiais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato, de conformidade co artigo 76.2 da LCSP, segundo o detallado nas cláusulas particulares deste prego, debendo xustificar, como mínimo un guía turístico cos seguintes requisitos:

- Estar en posesión do Carné de guía de turismo de acordo co previsto na Lei 7/2011, de 27 de outubro, de Turismo de Galicia e o Decreto 73/2015, de 7 de maio, polo que se regula a profesión de guía de turismo de Galicia e demais normativa que resulte aplicable.
- Experiencia mínima: ter experiencia en traballos similares/ter participado un mínimo de 12 meses en traballos iguais ou similares ao obxecto do contrato nos últimos 3 anos.

A acreditación efectuarase pola empresa adxudicataria mediante a achega da seguinte documentación:

- Certificado de estar en posesión da habilitación de guía turístico de Galicia.
- Declaración responsable onde se relacione a experiencia/participación previa.
- Documento que acredita a constitución da garantía definitiva polo importe de 1.461,32€.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e sete minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, a Presidenta da Mesa de Contratación.

